



Xogade

BÉISBOL E SÓFTBOL

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRIPCIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar formalizarase a través da páxina web: www.deporteescolargalego.com, ou ben na web de Xogade: xogade.xunta.gal.

Ligas provinciais: o prazo de inscrición finaliza o 31 de xaneiro de 2017.

Ligas autonómicas - A: o prazo de inscrición finaliza o 31 de xaneiro de 2017. Esta competición será organizada directamente pola federación galega e as súas delegacións provinciais.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar no programa XOGADE, na modalidade de Béisbol e Sóftbol, todos os xogadores/as afiliados/as a clubs, asociacións, centros de ensino, etc. nas categorías alevín, infantil e cadete.

Os equipos deberán ter un mínimo de nove (9) xogadores para participar nas competicións de sóftbol sala e de dez (10) para participar nas competicións de béisbol.

3. CATEGORÍAS

TODAS AS CATEGORÍAS SERÁN MIXTAS.

Alevín: nados nos anos 2008-2007-2006.

Infantil: nados nos anos 2005-2004.

Cadete: os rapaces nados nos anos 2003-2002 e as rapazas nadas nos anos 2003-2002-2001.

4. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Competicións provinciais:

Categorías: alevín, infantil e cadete.

Xogaranse por sistema de liga. Os campións de cada provincia gañarán o dereito a participar na Copa Xunta de Galicia organizada directamente pola federación galega e as súas delegacións provinciais.

Competicións autonómicas - A:

Categorías: alevín-infantil e cadete.

Esta competición será organizada directamente pola federación galega e as súas delegacións provinciais.

5. REGRAS DE XOGO

Aplicaranse os regulamentos oficiais de béisbol e sóftbol así como as normas específicas para estas competicións que prevalecerán sobre os regulamentos: bases xerais de competición de béisbol e sóftbol sala.

6. DATAS

Xaneiro-febreiro: sóftbol sala.

Marzo-abril: béisbol (A).

Abril-maio: béisbol (B).

7. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Béisbol e Sóftbol, que pode consultarse na páxina web: www.fegabe.com e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: deporte.xunta.gal.